

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE SETEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Bande, de todo o dominio público, a excepción da calzada e das beiravías, correspondente aos treitos comprendidos entre os pp.qq. 0+000 e 0+690 da estrada OU-411 e os pp.qq. 27+670 e 28+160 da estrada OU-301.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello do Pino para a mellora do saneamento e depuración no concello do Pino (A Coruña), fase I, por un importe de dous millóns cen mil euros (2.100.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a execución das actuacións de saneamento en Herbón, Aduana, O Paraíso e O Pombal, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica, Xesgalicia, a Fundación Cel Iniciativas por Lugo, CTAG, INDRA e BABCOCK, para a posta en marcha da Aeronautics Business Factory- ABF, por importe de catro millóns setecentos cincuenta mil euros (4.750.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecentos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o desenvolvemento dun proxecto innovador para a promoción da autonomía persoal mediante un plan integral de actuacións sobre a persoa con discapacidade en situación de dependencia desde a idade temperá. Importe total: tres millóns novecentos setenta e sete mil oitocentos noventa e seis euros con cincuenta e seis céntimos (3.977.896,56€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas, procedemento Tribunal do Xurado 664/2018, seguidas ante o Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 da Coruña, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de dona María Judite Martíns Alves.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa Galicia Investe 2018.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o inicio da tramitación do borrador da orde conxunta pola que se aproban os pregos de condicións aos cales deberán suxeitarse os aproveitamentos madeiros das especies recollidas na disposición adicional 3ª da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados por lexislación de protección do dominio público.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción locais do sector pesqueiro (GALP) en 2018.

A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE, A PROL DO CONCELLO DE BANDE, A ZONA DE DOMINIO PÚBLICO DAS RÚAS SAN ROQUE E MESTRE TAIBO

- *O decreto aprobado hoxe polo Consello autoriza o cambio de titularidade dos treitos máis urbanos das estradas OU-411 e OU-301 e exceptúan a calzada e as beiravías para non interromper a continuidade da rede de estradas autonómica*
- *A cesión do tramo da OU-411 materialízase tras a execución de distintas actuacións no contorno das instalacións deportivas e piscinas municipais, cun investimento do departamento de Infraestruturas da Xunta duns 50.000 euros*
- *Co cambio de titularidade o Concello poderá actuar sobre as beirarrúas e facer os labores de mantemento destas, favorecendo as súas tarefas con respecto ás necesidades dos usuarios*
- *A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se acorda o cambio de titularidade, a prol do Concello de Bande, da zona de dominio público de dous tramos da rede de estradas autonómicas no treito que percorren o núcleo de Bande e que se corresponde coa OU-441, rúa San Roque, e coa OU-301, rúa Mestre Taibo.

O Concello de Bande manifestoulle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese polo cambio de titularidade destes tramos con características urbanas, que vai do treito inicial da OU-411 (Bande (OU-540)-Agra (OU-801)), entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+690, e o treito final da estrada OU-301 Xinzo (N-525)-Bande (OU-540), situado entre os puntos quilométricos 27+670 e 28+160.

O Goberno galego, á vista do informe do departamento de Infraestruturas da Xunta, autoriza o cambio de titularidade da zona de dominio público, a prol do Concello de Bande, exceptuando a transferencia da calzada e das beiravías dos tramos solicitados. Estes tramos non son transferibles de xeito completo para non interromper a continuidade da rede de estradas autonómica.

A cesión ao Concello de Bande da zona de dominio público do tramo da OU-411, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+690, materialízase tras a realización das obras de ampliación do pontón existente no punto quilométrico 0+530 e construción de sendas ata o punto quilométrico 0+690, no contorno das instalacións deportivas e piscinas municipais de Bande. Nestas obras o departamento de Infraestruturas investiu uns 50.000 euros.


Co cambio de titularidade, o Concello de Bande poderá actuar sobre as beirarrúas, o que facilitará os labores de mantemento destas e favorecerá as tarefas da Administración Local con respecto ás necesidades dos usuarios.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O procedemento establecido nesta lei permitiu axilizar este tipo de expedientes, que son beneficiosos para a Xunta ao non ter que explotar a totalidade da vía e para o concello, xa que facilita a xestión e libera os cidadáns das cargas administrativas que supón a súa consideración como estrada autonómica.

O cambio de titularidade a prol da Administración local formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A continuación, un plano en que se amosan os treitos que se van transferir ao Concello de Bande.



A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2017 GALICIA VOLVEU CUMPRIR O OBJECTIVO DE DÉFICIT E AFORROU 46 MILLÓNS EN XUROS DA DÉBEDA

- *A Comunidade galega pechou o exercicio cun déficit do 0,22% do PIB, fronte ao 0,32% da media autonómica, e este ano cumprirá de novo o obxectivo do 0,4%*
- *O aforro acumulado en xuros nos últimos tres anos ascende a 140 millóns*
- *En 2017, a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto do 99%*
- *Galicia deixou de ingresar 83 millóns pola baixada de impostos*
- *A Xunta incrementou un 20% o aforro bruto, ata acadar os 538 millóns de euros*
- *Tamén foi a 3ª comunidade que dedicou máis recursos propios a investimentos*
- *Galicia mantén a aposta polo modelo de crecemento san, baseado en aforrar en débeda para reforzar o gasto social e impulsar os investimentos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe en prazo legal a conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2017, na que se pon de manifesto que Galicia volveu cumprir en 2017 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 0,22%, fronte ao 0,32% rexistrado no conxunto do sector autonómico, segundo o Ministerio de Facenda. Ademais, Galicia conseguiu aforrar 46 millóns en xuros da débeda, recursos que dedicou a gasto social e a investimentos.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta a conta xeral de 2017, na cal se indica que Galicia pechou o exercicio 2017 cun déficit de 136 millóns de euros en termos de contabilidade nacional. O déficit de Galicia volveu quedar por debaixo do límite autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (0,6%) para todas as administracións autonómicas. A conta xeral, logo do acordo do Consello da Xunta, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

Os datos da conta xeral da Comunidade Autónoma volven situar Galicia entre as comunidades de referencia no cumprimento dos obxectivo de estabilidade orzamentaria, o que ten como resultado que a Xunta de Galicia teña acadado un aforro acumulado duns 140 millóns de euros en xuros da débeda nos últimos tres anos.

Galicia é unha das cinco comunidades autónomas que conseguiu cumprir en 2017 os tres obxectivos de estabilidade orzamentaria (déficit, débeda e regra de gasto), segundo os datos do Ministerio de Facenda. Ademais, Galicia é a comunidade que menos aumentou o seu volume de débeda desde o ano 2009 e é a cuarta comunidade con menor déficit acumulado nos últimos seis anos. En todo caso, o Goberno galego mantén o seu obxectivo de cumprir o límite aprobado para este 2018, que é do 0,4%.

A conta xeral mostra que en 2017 a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 99%, un indicador aínda maior -do 101,7%- no gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e no eido dos servizos sociais. Tamén indica que deixou de ingresar 83 millóns pola baixada de impostos aprobada polo Goberno galego e que está en vigor desde xaneiro de 2016, con especial incidencia no imposto sobre sucesións e doazóns e no programa de impostos cero no rural.

Máis aforro bruto e líderes en investimentos

A conta xeral de 2017 tamén mostra que Galicia acadou un aforro bruto de 538 millóns de euros, o que supón un incremento do 19,8% respecto ao ano anterior. Este indicador mostra a diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes, e cando é positivo permite financiar máis investimentos sen recorrer á débeda. No caso de Galicia, 2017 foi o terceiro ano consecutivo en que este indicador foi positivo.

Ao mesmo tempo, Galicia volveuse situar en 2017 entre as comunidades autónomas líderes en investimentos. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, Galicia foi o pasado ano a terceira comunidade con maior esforzo investidor –un 11,9% do gasto non financeiro- fronte ao 7% de media autonómica, e só superada por Baleares e Castela e León.

Aposta polo crecemento san

A Xunta mantén en 2017 a súa aposta por un modelo de crecemento san, baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda para seguir reducindo os gastos en xuros, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

Ademais, froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta segue sendo a Administración autonómica que está a pagar con máis axilidade aos seus provedores. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, no momento do peche do primeiro semestre deste ano o período medio de pagamento en Galicia era de once días, o mellor de toda España.

A Xunta de Galicia remitirá agora a conta xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada en 2015 para facela máis exixente, que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.

AUTORIZADOS DOUS CONVENIOS POR CASE 2,4 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS DO PINO E PADRÓN

- *O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou o convenio de colaboración polo que se executarán as obras correspondentes á fase I no Pino*
- *Tamén se lle deu o visto e praxe ao convenio entre Medio Ambiente e o Concello de Padrón para levar a cabo a ampliación das redes existentes, a execución dunha separativa e a anulación de varias fosas sépticas en catro parroquias do municipio*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de correspondentes convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os concellos do Pino e Padrón, para mellorar as infraestruturas de saneamento e depuración de ambos os municipios da comarca de Compostela.

A través de Augas de Galicia levaranse a cabo estas dúas actuacións que suman un importe global de case 2,4 millóns de euros, que se poderán licitar tras a correspondente sinatura do convenio de colaboración autorizado hoxe.

No caso do Concello do Pino, grazas a esta actuación renovaranse as instalacións de depuración e modificaranse as redes de saneamento necesarias, para o cal se estudarán ao detalle as infraestruturas actuais, tanto as de saneamento coma as de depuración, e priorizaranse as máis relevantes para a mellora das súas infraestruturas.

Augas de Galicia adoptou o compromiso de colaborar co Concello do Pino debido ás deficiencias nas principais instalacións de saneamento e depuración. Nese sentido, a Consellería de Medio Ambiente colaborou co Concello do Pino na redacción dun convenio -cun orzamento de máis de 45.000 euros- no que se definiron as obras que se deben executar con cargo a este convenio, que implica un importe de 2,1 millóns de euros.

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén autorizou outro convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Padrón para mellorar o servizo de saneamento en catro parroquias deste municipio: Herbón, A Aduana, O Paraíso e O Pombal.

Cun investimento máximo estimado de 250.000 euros por parte de Augas de Galicia, este acordo de colaboración permitirá estudar as actuais instalacións de saneamento e depuración destes núcleos, e levar a cabo a ampliación das redes de saneamento xa existentes, a execución dunha nova rede separativa e a anulación de foxas sépticas.

Os dous convenios autorizados hoxe enmárcanse na constante revisión que fai Augas de Galicia da calidade do dominio público na demarcación Galicia-Costa a través do Plan de control de verteduras. Este traballo de supervisión e control permitiu detectar deficiencias nas infraestruturas de saneamento destes dous concellos, problemas que, grazas aos investimentos comprometidos pola Xunta, poderán quedar resoltos.

A XUNTA IMPULSA A PRIMEIRA ACELERADORA GALEGA DO SECTOR AERONÁUTICO COA QUE XA TEN PREVISTO MOBILIZAR 4,75M€ ATA 2021

- *Porase en marcha este ano en Lugo e, a través de tres convocatorias, apoiará 19 iniciativas empresariais innovadoras no eido do sector aeronáutico galego e xerará 60 postos de traballo*
- *O Goberno galego, a través de GAIN, Igape e XesGalicia, contará coa participación de diferentes axentes, empresas e centros de coñecemento que interveñen na cadea de valor deste sector*
- *O obxectivo é crear e acelerar compañías innovadoras capaces de captar, atraer e reter talento*
- *Esta nova iniciativa súmase á Rede galega de aceleradoras que, nos últimos cinco anos, apoiou preto de 900 proxectos na Comunidade*

A Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Igape e XesGalicia coa Fundación CEL - Iniciativas por Lugo, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e as empresas Indra e Babcock para a posta en marcha dunha nova aceleradora galega centrada no sector aeronáutico na cal xa está previsto mobilizar, como mínimo, 4,75 millóns de euros ata o 31 de decembro de 2021.

A iniciativa, que se desenvolverá en Lugo, enmárcase no polo tecnolóxico e industrial de Rozas, dentro dos compromisos adquiridos por Indra e Babcock para a realización de programas conxuntos de I+D co obxectivo de ampliar o impacto socioeconómico das súas actuacións en Galicia. Así, o obxectivo é crear e acelerar compañías innovadoras na cadea de valor do sector aeronáutico da Comunidade capaces de captar, atraer e reter talento, contribuíndo a fortalecer o posicionamento de Galicia e incrementando a súa proxección internacional neste eido.

A iniciativa, que se porá en marcha este mesmo ano coa convocatoria da primeira edición en novembro de 2018, prevé realizar un total de tres convocatorias a través das cales se espera impulsar 19 iniciativas empresarias que poderán xerar ao redor de 60 empregos. Cada unha das edicións constará de varias fases: a convocatoria, a selección de proxectos, o apoio ás empresas seleccionadas cunha fase de incubación e outra de aceleración e a fin do programa co seguimento dos investimentos.

Unha vez seleccionados os proxectos, pasarán pola fase de incubación se son empresas en fase temperá que se encontren entre o nacemento da idea e a validación do modelo de negocio. Cada proxecto recibirá unha axuda de ata 100.000 euros e poderán acceder a investimentos en capital por parte de Indra de entre 50.000 e 500.000 euros.

No caso das empresas que accedan á fase de aceleración, recibirán unha axuda de ata 50.000 euros e poderán ter acceso a financiamento a través de préstamos de XesGalicia de entre 50.000 e 250.000 euros e, por parte de Indra, poderán recibir investimentos en capital risco ou préstamos desde 50.000 euros por proxecto.

A aceleradora prestará aos proxectos participantes espazos de traballo e coworking, infraestruturas de proba, acceso ao aeródromo, medios TIC e plataformas de xestión, consultorías técnica e de negocio, apoios na procura e negociación de financiamento, acceso á bolsa de traballo da Civil UAV Initiative e formación.

O Goberno galego destaca que esta nova iniciativa ten un carácter aberto polo que calquera institución, empresa ou entidade vencellada ao sector se pode sumar a ela a través da sinatura do correspondente modelo de adhesión como colaborador ou investidor. De feito, nesta primeira edición xa se conta con colaboradores como Delta Vigo, Centum, Sixtema, Fundación Kiom (Coremain, Sivsa, Syntelix, Scio, Omni, H24H, Senda e Insega), Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI), Gradient, ou o Consorcio Aeronautico Galego.

Esta aceleradora súmase, ademais, á Rede galega de aceleradoras que nos últimos cinco apoiou preto de 900 proxectos de emprendemento, e permitirá o crecemento económico e social da Comunidade impulsando unha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva coa implantación e co desenvolvemento de novas empresas centradas no deseño e na produción aeronáutica de UAV e tecnoloxías vencelladas, o desenvolvemento de materiais e procesos industriais, na fabricación de estruturas e compoñentes asociados ou na captura, proceso e explotación de información a partir de sistemas remotamente tripulados.

SANIDADE DESTINA 3,9 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á PROTECCIÓN DA SAÚDE

- *Trátase da renovación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia, a Consellería de Sanidade e a Fegamp*
- *Durante 2017, foron atendidas no marco deste convenio un total de 7.634 persoas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Sergas e a Fegamp para a realización de programas de atención e protección da saúde. Con este convenio, o Goberno galego garante o mantemento e a consolidación dos sistemas de axuda ao colectivo de persoas con problemas de drogodependencias.

A Xunta contribúe ao financiamento destas actividades cun importe total de 3.979.799,92 euros. Durante o ano 2017, este convenio permitiu que fosen beneficiadas un total de 7.634 persoas, atendidas nun total de 13 unidades asistenciais de drogodependencias (UAD).

Cada Concello, previos os informes técnicos previstos, recibirá un importe global e único para os programas que desenvolva. Este convenio está dirixido ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para Unidades asistenciais de drogodependencias, a través dos concellos que dispoñan destas unidades, atendendo a planificación, aos criterios, ás guías, aos programas e aos procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia publicado en 2011.

Esta planificación permite mellorar a atención aos galegos con trastornos adictivos; garantir un acceso equitativo á asistencia en toda a Comunidade; coordinar de xeito efectivo a atención prestada nos dispositivos de atención ás drogodependencias con servizos de atención primaria e de saúde mental, e, ademais, establecer unhas directrices comúns para todos os centros da nosa Comunidade en materia de drogodependencias.

Outras axudas no ámbito asistencial das drogodependencias

Estas axudas engádense ás xa concedidas en febreiro de 2018 para o desenvolvemento dos programas de atención sanitaria e xurídico-social á poboación con trastornos adictivos por parte de entidades sen ánimo de lucro da nosa comunidade autónoma. En concreto, o Sergas asinou convenios de colaboración con trece asociacións por un importe de 5.512.668 euros.

As asociacións destinatarias das axudas realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos derivados do uso das drogas e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Sergas.

A XUNTA DE GALICIA E COGAMI DESENVOLVERÁN UN PROGRAMA INTEGRAL DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE NAS INSTALACIÓNS DO CEGADI

- *A Administración autonómica e a entidade social asinarán un convenio de colaboración por 2,7 millóns de euros para desenvolver este proxecto durante os vindeiros catro anos, ata decembro de 2022*
- *O obxectivo é proporcionar ás persoas desde a idade temperá un catálogo de recursos e actuacións de cara a promover ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais para conseguir a maior independencia e autonomía posibles nas actividades da vida cotiá*
- *Estímase que nunha primeira fase podería dispensarse atención a 1200 persoas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para a implantación dun plan integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal desde a idade temperá a este colectivo que se desenvolverá nas instalacións do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi). O convenio está dotado dun orzamento total de 2.683.170,28 €, nos cales Cogami participa na contía de 916.623,36 euros e a Administración autonómica achegará os restantes 1.766.546,92 euros.

Este proxecto de atención integral ás persoas con discapacidade en situación de dependencia desde a idade temperá comezará a executarse no derradeiro trimestre deste ano 2018 e estenderase durante os vindeiros catro anos, ata o 31 de decembro de 2022. Este acordo producirá diariamente a afluencia dun importante número persoas usuarias ao Cegadi. En concreto, nesta primeira fase se estima que poderá dispensarse atención a 1200 persoas con discapacidade.

O obxectivo deste acordo, que se enmarca nas estratexias sobre discapacidade e para a prevención e detección precoz da dependencia da Xunta de Galicia, é implantar un programa integral de intervencións de promoción da autonomía persoal, cuxos resultados, unha vez avaliados, poidan servir de referencia para a mellora dos servizos de atención á discapacidade. Neste sentido, as accións deste programa fórmulanse para as persoas desde a idade temperá de cara a promover ao máximo as súas capacidades e habilidades funcionais, contribuindo no avance físico, cognitivo, de comunicación e linguaxe coa finalidade de conseguir a maior independencia e autonomía posible nas actividades da vida cotiá.

Trátase, pois, de proporcionar ás persoas beneficiarias deste plan integral un catálogo de recursos e actuacións de que poderán facer uso, de acordo coas súas capacidades,

necesidades e expectativas, e atendendo ao plan de apoios individualizados que se deseñe. Ademais, será a propia persoa interesada a que determine o itinerario que vai seguir co apoio dun equipo de profesionais. Os resultados revisarase aos seis meses e haberá unha avaliación ao final dos doce meses de traballo coa persoa.

Ademais de reforzar o apoio ás persoas con discapacidade e ás súas familias, esta colaboración entre Xunta e Cogami permite ampliar os servizos que se prestan nas instalacións do Cegadi. Así, a este convenio súmase o protocolo que a Consellería de Política Social asinou o pasado mes de abril co Instituto de Miores e Servizos Sociais (Imsero) do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. En virtude deste protocolo xeral, o Imsero comprométese a impulsar o establecemento no Cegadi dun centro de referencia para persoas con discapacidade física e unha delegación do Centro de Referencia Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas (Ceapat).

A XUNTA COMPARECE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLO CRIME POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE MARÍA JUDITE MARTÍNS ALVES

- *Desde o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*

A Asesoría Xurídica da Xunta compareceu, por instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, como acción popular no caso do crime de María Judite Martíns Alves por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceron nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 da Coruña, que aceptou a comparecencia.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero.

No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a Muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, escrito procesual exercendo a acción popular unha vez constatada a existencia daquela, sempre e cando se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento ao artigo 30 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta praga.

O PROGRAMA GALICIA INVISTE APOIARÁ 120 NOVAS PEMES PARA QUE DESENVOLVAN PROXECTOS QUE SUMAN PRETO DE 40M€

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria pode cubrir con estas axudas ata o 30% do investimento, o que contribúe tanto á creación como ao mantemento de postos de traballo nas pequenas e medianas empresas*
- *Amplíase a contía máxima dos proxectos en que se colaborará, que pasa dos 900.000 euros da anterior convocatoria aos 2M€*
- *O Goberno galego impulsa con esta actuación o desenvolvemento de iniciativas en ámbitos como a industria manufactureira, a loxística ou o sector TIC*
- *As compañías poderán investir con estas axudas en obra civil, maquinaria e en bens de equipo para creación de novos establecementos ou para a ampliación, modernización e diversificación dos existentes*
- *A Xunta aprobou ata o de agora, a través do Galicia Investe e dos incentivos rexionais que xestiona o Igape, 154 proxectos que dan emprego a preto de 1800 persoas*

A Xunta ten previsto convocar nas próximas semanas as axudas do programa Galicia Investe, co que impulsa a competitividade das pequenas e medianas empresas da Comunidade. Deste xeito, ratifica o seu compromiso co tecido empresarial á hora de facilitarlle o acceso ao financiamento que precisa para a realización de investimentos, o que contribúe á xeración e ao mantemento de postos de traballo. A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé mobilizar preto de 40 millóns de euros co obxectivo de impulsar a competitividade en 120 pemes.

O programa Galicia Investe diríxese a iniciativas de pemes que contén con plans empresariais que oscilen entre os 50.000 euros e os dous millóns de euros. Así, entre as novidades desta convocatoria, amplíase a contía máxima en 1,1 millóns de euros, pois na anterior edición o investimento non podía superar os 900.000 euros. Os apoios poderán chegar ata o 30% dos investimentos subvencionables no caso das pequenas empresas e ata o 20% para as medianas.

Os beneficiarios desta actuación son, polo tanto, as pequenas e medianas empresas que desenvolvan proxectos novos ou ampliación dos existentes nos sectores das industrias extractiva e manufactureira; de xestión e valorización de residuos; reparación de vehículos; loxística; hostalaría; sector TIC; e servizos técnicos. Os investimentos que se apoian poden estar relacionados coa obra civil, a adquisición de maquinaria e de bens de equipo para a creación de novos establecementos ou para a modernización e diversificación dos existentes. Ademais, no caso de que os proxectos se implanten nos concellos emprendedores, tamén se apoiarán os investimentos nos terreos ata o límite do 10% do gasto total subvencionable.

Entre os criterios para a concesión das axudas do Galicia Investe, préstase especial atención ao tamaño das empresas, ao mantemento do emprego e ao compromiso de creación de traballo de carácter indefinido.

Esta actuación impulsa, polo tanto, e en coordinación coa Lei de incentivos rexionais do Estado, a posta en marcha de proxectos de investimentos empresariais coa finalidade de seguir dinamizando a actividade económica de Galicia, potenciando, deste xeito, o mantemento e a creación do emprego a través do desenvolvemento e da mellora das empresas existentes, así como da creación e da posta en marcha de novas iniciativas.

A Administración autonómica, a través do Galicia Investe e dos incentivos rexionais que xestiona o Igape, aprobou axudas para apoiar 154 proxectos empresariais que levan asociados unha mobilización de preto de 460 millóns de euros e a creación ou mantemento de 1.741 postos de traballo.

A nova convocatoria do programa Galicia Investe, que se publicará en próximas datas, súmase a outras iniciativas impulsadas pola Xunta para facilitar os investimentos das pemes, especialmente daquelas de carácter industrial. Trátase de plans como Galicia Emprende ou Galicia 1000. Este último xa ten permitido desde a súa posta en marcha o acceso ao financiamento de máis de 8300 pequenas e medianas empresas e a mobilización de máis de 1175 millóns de euros.

A XUNTA DÁ UN PASO MÁIS NA AXILIZACIÓN DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS, ESTA VEZ NOS ESPAZOS DE ESPECIAL PROTECCIÓN

- *O Goberno galego prepara unha orde con condicionantes para que as cortas de piñeiros e eucaliptos en zonas con afección se poidan levar a cabo a través dunha declaración responsable, sen precisar autorización previa*
- *Unhas 16.000 solicitudes ao ano poderían pasar a tramitarse a través deste novo sistema*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe polo que se inicia a tramitación do borrador dunha orde para axilizar os aproveitamentos forestais, tamén en espazos de especial protección. Para iso, as consellerías do Medio Rural, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e de Infraestruturas e Vivenda coordináronse para redactar unha serie de condicionantes cos cales, de cumprirse, unha corta de piñeiros e eucaliptos en réximes de protección ou afectados por lexislación de protección do dominio público podería levarse a cabo sen esperar un permiso da Administración.

Así, a aprobación das condicións sectoriais permitirá substituír a solicitude de autorización de aproveitamento polo trámite de declaración responsable. É dicir, non será necesario recadar o informe dos órganos sectoriais correspondentes, co recorte de prazos e custos que isto supón, sempre e cando o solicitante inclúa na declaración responsable o seu compromiso de realizar o aproveitamento axustándose ás condicións establecidas nos pregos que se aproban nesta orde. O aproveitamento madeireiro que se regula nesta orde afecta o piñeiro galego ou do país, o piñeiro de Monterrei, o piñeiro de Oregón, a acacia negra e o eucalipto.

A Consellería do Medio Rural xa puxo en marcha a pasada primavera o novo sistema de xanela única para a autorización de cortas, a través do cal os propietarios teñen un único interlocutor coa Administración autonómica. Comezouse, ademais, a aplicar o procedemento de declaración responsable para cortas de piñeiros e eucaliptos en espazos sen protección especial, de tal xeito que a acción resultaba inmediata sen necesidade de esperar por ningunha resposta da Xunta. Así mesmo, aplicábanse a autorización forestal única para todas as especies en espazos con protección. Agora dáse un paso para que as cortas de piñeiros e eucaliptos en determinados espazos de especial protección se poidan realizar tamén a través dunha declaración responsable.

Vantaxes prácticas

Desde a entrada en vigor do visor de aproveitamentos forestais o 26 de abril, un terzo das solicitudes recibidas poderían beneficiarse deste novo cambio. Trátase de todas as cortas localizadas en rede Natura 2000 ou nas zonas prioritarias de especies catalogadas, na zona de policía da demarcación hidrolóxica Galicia Costa e/ou na zona

de afección das estradas autonómicas ou das deputacións. Todas elas poderían pasar a tramitarse como declaracións responsables, unha vez aprobada esta nova orde.

Tendo en conta que anualmente tramítanse máis de 50.000 procedementos de autorización, estimamos que unhas 16.000 solicitudes ao ano poderían pasar a tramitarse como declaracións responsable, axilizando moitísimo os aproveitamentos de piñeiros e eucaliptos en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados por lexislación de protección do dominio público.

Deste xeito, dáse resposta a unha demanda histórica do sector forestal e dos propietarios de montes, que reclamaban simplificar o sistema de aproveitamentos forestais. Ademais, cúmprese con outro dos 30 puntos recollidos na proposta de acordo forestal.

Aforro custos

De feito, segundo traslada o propio sector, a inclusión da declaración responsable para terreo con e sen afección suporía un aforro só en taxas duns 1,7 millóns de euros. A esta cifra habería que sumar os custos de loxística e xestión que xa non terán que executar as compañías madeireiras e que poden chegar aos 6,9 millóns de euros.

Polo tanto, as empresas de aproveitamentos forestais cren que, unha vez rematado o proceso de implantación de declaracións responsables en todos os supostos posibles, o impacto económico sería duns 8,6 millóns de euros que suporá unha mellora da súa competitividade e, pola súa vez, reverterá nos propietarios forestais.

AS AXUDAS DA XUNTA AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO PERMITIRÁN A CREACIÓN DE MÁIS DE 50 EMPREGOS DIRECTOS

- *Estas achegas aprobadas pola Consellería do Mar son para 75 proxectos dos GALP e enmárcanse na convocatoria de 2018*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre estas subvencións que supoñen un valor económico de máis de 4,4 millóns de euros e que permitirán mobilizar un investimento global de máis 11,6 millóns de euros*
- *A maioría dos proxectos subvencionados teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras*
- *Entre as iniciativas subvencionadas están unha fábrica de cervexa elaborada artesanalmente con auga de mar na Mariña Luguesa, a posta en valor dunhas salinas romanas na Guarda e a instalación e a montaxe dunha depuradora de marisco na confraría de Ferrol*

A Consellería do Mar aprobou axudas a 75 proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) a través dos cales se prevé crear máis de 50 empregos directos. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre as axudas aprobadas na convocatoria de 2018 aos proxectos destes grupos e cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

O informe indica que o valor económico destas subvencións é de máis de 4,4 millóns de euros, que permitirán mobilizar un investimento global de máis 11,6 millóns de euros. Tamén destaca que dos proxectos aprobados un 33% son promovidos por mulleres ou xente nova das áreas litorais.

Ademais, mostra que, dos proxectos aprobados, 46 son produtivos, é dicir, iniciativas de orientación empresarial ou profesional, cun importe de subvención de preto de 3,2 millóns de euros. Os 29 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica, cun valor total de axuda concedida de preto de 1,3 millóns de euros.

A maioría das iniciativas subvencionadas teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras. Séguenlle os proxectos enfocados ao aumento do valor, á creación de emprego, á atracción de mocidade e á promoción da innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura e, no caso de proxectos non produtivos, ao fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas.

Distribución por grupos

En canto á distribución por grupos, o informe sinala que 19 dos proxectos aprobados corresponden ao GALP 1 Mariña-Ortegal, cun importe total de subvención de 780.000 euros. O GALP 2 Golfo A Ártabro Norte conta con 11 proxectos aprobados con axudas por valor de preto de 503.000 euros; o GALP 3 Costa da Morte ten nove proxectos aprobados con axudas por valor de máis de 576.700 euros e o GALP 4 seo de Fisterra ría de Muros e Noia costa sustentable dispón de nove iniciativas aprobadas por valor de preto de 600.800 euros en axudas.

Ademais, o GALP 5 ría de Arousa ten dez iniciativas aprobadas con axuda por valor total de preto de 797.000 euros e o da ría de Pontevedra conta con outros dez proxectos aprobados con importe subvencionado de máis de 648.400 euros. Catro proxectos con valor económico de axuda de preto de 279.000 euros correspóndense co GALP 7 ría de Vigo A Guarda e outros seis proxectos aprobados con importe subvencionado de máis de 295.200 euros ao GALP 8 Golfo Ártabro Sur.

Exemplos de proxectos aprobados

Entre os proxectos que contan con axuda ao abeiro desta convocatoria de 2018 está o denominado *Augas Santas cervexa artesá mariña*, do GALP A Mariña-Ortegal, que ten como finalidade acondicionar unha nave dotándoa do equipamento necesario para instalar unha fábrica de cervexa elaborada artesanalmente con auga de mar.

A capacitación de persoas con diversidade funcional na actividade auxiliar á industria pesqueira de reparación de caixas de peixe mediante termo-soldadura é o obxectivo do proxecto *Persoas Diversas + Confrarías = Economía Circular*, do GALP da Costa da Morte.

O GALP Ártabro Norte ten o proxecto de instalación e montaxe dunha depuradora de marisco nun local anexo á lonxa da confraría de Ferrol. Con el buscan encargarse na confraría directamente da xestión da venda do produto capturado polos socios e socias e outros vendedores da lonxa de Ferrol, sen ter que depender de depuradoras externas.

A aplicación da plataforma Xesmar é un proxecto do GALP ría de Arousa, promovido polas confrarías de Cambados e Vilanova de Arousa. Consiste na implantación do uso dunha plataforma accesible a través de web e aplicación móbil, pensada por e para o sector do marisqueo en Galicia. Busca, entre outros obxectivos, a incorporación no sector de solucións baseadas nas novas tecnoloxías que simplifiquen a xestión e a organización do traballo.

Por outra banda, o GALP ría de Vigo-A Guarda ten un proxecto de posta en valor das salinas romanas do Seixal e Camposancos como recurso patrimonial e turístico para a creación dun recurso patrimonial, social e cultural de carácter sustentable.

Ademais, ao GALP seo de Fisterra ría de Muros e Noia: costa sustentable pertence unha iniciativa que ten como obxectivo a mellora da elaboración, conserva e comercialización do produtos pesqueiros en fresco Azul de Portosín, promovida por Procesados Pesqueros Portosín S.L. Para iso inclúe a adquisición dun equipo de xeo en escamas e a mellora do sistema de xestión e rastrexabilidade.

Así mesmo, do GALP Ártabro Sur é o proxecto de climatización e mellora da eficiencia enerxética da lonxa da Coruña, promovido por lonxa da Coruña, S.A. e que consiste na modernización das instalacións de climatización de forma que se permita aforrar o consumo enerxético e mellorar o mantemento do peixe, entre outros aspectos.